

RADIO OBRADOIRO

# Premio para o grupo Xochilmica

► A formación gañou a quinta edición do Certame Folk que patrocina o Grupo Correo Gallego ► Os seus compoñentes proceden de Santiago, Ames e Val do Dubra ► Grande éxito de público, co compostelán Teatro Principal cheo ata a bandeira

M.X.GÓMEZ • SANTIAGO

Non foi unha decisión doada, pero finalmente o xurado do V Certame Folk Radio Obradoiro pronunciou o nome do grupo Xochilmica como a formación merecente do primeiro premio, a gravación dun disco. Un *tribunal* composto por Pedro Pascual, David Salvado, Sonia Lebedynski, Benjamín Otero e Lois Atanes.

Todo nun marco como o do remodelado recentemente Teatro Principal de Santiago, que quedou sen butacas para acoller a tódolos que ata alí se achegaron para desfrutar da música de cinco grupos noveis galegos. Eran Árdelle o eixo, Brendam, Lugnasad, Lumia e Xochilmica, os flamantes vencedores. Súmanse así a unha lista cada vez maior que xa contén cinco nomes. Alfollies, Quemallou, Roi Xordo e Grodan Defló foron os que precederon a Xochilmica. A iniciativa foi seguida con interese por diferentes medios de comunicación, como TVG ou Localia, así como por numerosas persoas relacionadas coa música: programadores, produtores, músicos profesionais e incluso representantes do prestixioso Festival de Lorient.

Tamén responsables das diferentes institucións e firmas que apoian o certame, organizado por María Xosé Gómez e Paulo Gacio, presentadores e directores do programa *En clave de folk*. Entre os presentes, Aníbal Otero, director xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

## Innovación e calidade

Xochilmica é un grupo composto por Ramón Maril, Manuel Rey, Manuel Iglesias, Xan Pampín e Pablo da Lama. Din que os une a paixón por tocar. Iso, sumado á súa instrumentación, ás interpretacións que asinan e á calidade que presentan foi o que lles deu a posibilidade de gañar este V Certame Folk Radio Obradoiro.

Verémolos en concerto este luns na Sala Capitol, no transcurso da gala do 1º Aniversario do xornal GALICIA HOXE.



FOTOS: VIKY GARCÍA

Os rapaces de Xochilmica nun dos momentos da súa actuación na final do certame que organiza o programa 'En clave de folk'



Os membros do xurado no momento de dar o veredicto



Grodan Defló, grupo convidado e gañador da cuarta edición



Brendam interpretando as súas tres pezas na noite do xoves



Alguns dos compoñentes de Árdelle o eixo, grupo de Vedra



panadería-bullería  
forno **krapf s.l.**



C/EUGENIO KRAPF Nº13 BAJO  
36210 Vigo  
Telf. 986 23 89 69 Fax 986 42 38 10  
e-mail: pankrapf@panartesano.net  
web: www.panartesano.net

GRUPO DE PANIFICACIÓN



**P. Atlántica, S.L.**

C/CORUÑA Nº22 BAJO 36211 VIGO  
Telf 986 23 34 64. Fax 986 42 38 10  
Despacho Nº 2 Centro Comercial Coia 4  
Telf 986 20 37 31  
e-mail: panatlantica@panartesano.net  
web: www.panartesano.net



**Horno de Leña**

Telf. 986 37 91 81 • Fax 986 42 38 10  
Despacho Nº 2: C/. Pino, 41  
Telf.: 986 42 27 96 • 36206 VIGO  
e-mail: panfatima@panartesano.net  
web: www.panartesano.net